

Celga



3

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-B-04

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede esta entrevista a Patricia Palma, coordinadora xeral de Universitarios pola Axuda Social. Tome as notas que precise.

"O máis importante que lles pode chegar un universitario ás persoas necesitadas é o seu tempo"



Patricia Palma

De como sacarlle o máximo rendemento ao seu propio tempo para axudar aos demais sabe moito Patricia Palma, coordinadora xeral de Universitarios pola Axuda Social (UAS), unha asociación de voluntariado adscrita á Universidade de Navarra e pola que xa pasaron máis de 5000 persoas. A súa primeira experiencia como voluntaria tivo lugar hai xa varios anos, cando esta licenciada en Farmacia se animou a colaborar nun campo de traballo en Lituania. O seu labor alí foi tan enriquecedor que un ano despois volveu participar noutro campo, en Guatemala.

"En Lituania dediqueime a axudar os demais e decateime de que tiña que aproveitar moito máis os meus anos de universitaria, dedicando parte do meu tempo, porque o máis importante que lles pode chegar un universitario ás persoas necesitadas é o seu tempo", explica. Ademais, subliña a idea de que sen educación non pode haber desenvolvemento, por iso este é un dos principais obxectivos de UAS.

» **Que lles achegan os universitarios españois á sociedade actual e aos máis necesitados?**

Eu creo que o máis importante que lles pode chegar un universitario ás persoas necesitadas que o rodean é o seu tempo, xa que o diñeiro non abunda e tempo, aínda que nos queixemos, temos bastante. Considero que a base desta achega debe ser unha preparación axeitada durante os anos universitarios, pero non só dende o punto de vista académico. Entendo que os universitarios deben formarse como persoas que cumpran cunha tarefa xenerosa de axuda aos demais.

» **Os estudantes universitarios son solidarios? Colaboran o suficiente?**

É difícil loitar contra o consumismo e a falta de compromiso que predominan na sociedade actual, pero eu confío nos mozos. Creo que moitos estudantes se senten solidarios e desexan adoptar unha actitude activa ante o panorama que observan de

tantas persoas que sofren física e moralmente ou que viven na indixencia. Ás veces só hai que darlles un empuxón para que vexan que é posible facelo e pedirllas que se comprometan de verdade.

» **Cales son os campos nos que máis traballa a asociación UAS?**

O noso labor de Universitarios pola Axuda Social é coordinar o voluntariado con máis de trinta entidades navarras, e este voluntariado está dividido en varias áreas de colaboración: maiores, enfermos hospitalizados, persoas sen fogar, cárcere, apoio escolar e minusvalía.

» **Como voluntaria, que satisfacción lle dá pertencer a esta organización?**

Eu débolle moito a UAS, porque me deu a oportunidade de coñecer persoas estupendas das cales aprendín moito.

» **Que lles diría aos universitarios e aos demais membros da sociedade para que se animasen a participar nos diferentes proxectos como voluntarios?**

Ás persoas interesadas en colaborar axudando, aos demais diríalles que ser voluntario non é facer moitas cousas, é ter unha actitude de axuda aos demais nas súas necesidades reais.

» **Calquera pode participar neses proxectos? Que requisitos se deben cumprir?**

O voluntario só precisa ter un pouco de tempo e ganas de comprometerse. Nada máis.

» **En poucos meses, miles de estudantes realizarán a súa viaxe de fin de carreira. Pódese ser solidario tamén nese momento? En que consiste ese proxecto?**

O proxecto 'un FinSolidario' baséase en animar os alumnos que están no último curso de carreira a que vexan que tamén aí poden ser solidarios e axudar os demais, ben organizando unha viaxe para colaborar con algún proxecto de cooperación ou contribuindo economicamente con algún proxecto que eles elixan.

» **Chegará o día en que os universitarios se manifesten pola pobreza no mundo, a violencia infantil, os enfermos de SIDA en África, como fixeron pola suba das taxas etc., ou estamos moi lonxe aínda?**

Creo que unha das características dos mozos é que somos moi loitadores e sensibles ante a inxustiza, por iso me parecería normal que os universitarios se mobilizasen por defender estas causas, aínda que non creo que sexa a medida máis efectiva para combatelas.

» **Que significa a educación para tantas persoas que viven nos países do sur?**

Creo que sen educación non pode haber desenvolvemento, pero esta educación debería consistir non só nunha formación académica senón na formación en valores para crear persoas íntegras que poidan mellorar dende dentro a sociedade.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como se chama? ▪ A que se dedica? ▪ De onde é? Fale un pouco da súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? ▪ Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p><i>(Se procede)</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Faga un resumo sobre o contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ En que consiste o voluntariado de UAS? ▪ Que tipos de actividade poden realizar os voluntarios? ▪ Quen son as persoas que constitúen o voluntariado? Que requisitos di a entrevistada que deben cumprir? 	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Realice unha exposición acerca da seguinte afirmación:</p> <p>A. "O máis importante que lles pode achegar un universitario ás persoas necesitadas é o seu tempo."</p> <p>B. "É difícil loitar contra o consumismo e a falta de compromiso que predominan na sociedade actual, pero débese confiar na mocidade."</p> <p>C. "Ser voluntario non é facer moitas cousas, é ter unha actitude de axuda aos demais nas súas necesidades reais."</p> <p>D. "A educación debería consistir non só nunha formación académica, senón na formación en valores para crear persoas íntegras que poidan mellorar dende dentro a sociedade."</p>	
4. INTERACCIÓN	4 minutos aprox.

OPCIÓN A

"O máis importante que lles pode chegar un universitario ás persoas necesitadas é o seu tempo."

- Vostede considera que só os mozos son consumistas?
- Cre que co ritmo de vida actual que levamos é posible conxugar o compromiso social e as nosas vidas?
- Parécelle que este tipo de universitarios que participan no voluntariado é moi frecuente ou é excepcional?
- *(Se procede)* Coñece vostede algunha iniciativa parecida en Galicia, na súa comunidade autónoma ou no seu país? Cal? Que opinión lle merece?

OPCIÓN B

"É difícil loitar contra o consumismo e a falta de compromiso que predominan na sociedade actual, pero débese confiar na mocidade."

- Vostede cre que o ensino regrado tamén debería educar as persoas en cuestións de solidariedade ou iso debería facerse na casa?
- Considera que o sistema educativo vixente favorece o desenvolvemento de actitudes solidarias e de compromiso coa sociedade?
- Pensa que a sociedade actual forma a xente máis na competitividade ca na solidariedade?
- *(Se procede)* Coñece vostede algunha iniciativa parecida en Galicia, na súa comunidade autónoma ou no seu país? Cal? Que opinión lle merece?

OPCIÓN C

"Ser voluntario non é facer moitas cousas, é ter unha actitude de axuda aos demais nas súas necesidades reais."

- Vostede considera que só con tempo pode axudar a algunha persoa?
- Cre que os bancos de tempo son unha boa medida para axudar a xente que o precisa?
- Participa ou participou nalgunha actividade deste tipo? Conte a súa experiencia.
- Algunha vez axudou a alguén sen esperar nada a cambio? Conte a súa experiencia.
- *(Se procede)* Coñece vostede algunha iniciativa parecida en Galicia, na súa comunidade autónoma ou no seu país? Cal? Que opinión lle merece?

OPCIÓN D

"A educación debería consistir non só nunha formación académica, senón na formación en valores para crear persoas íntegras que poidan mellorar dende dentro a sociedade."

- Vostede cre que hoxe en día a axuda é frecuente na sociedade galega?
- Pensa que para axudar a outras persoas cómpre pertencer a unha asociación de voluntariado?
- Considera que calquera persoa pode ser voluntaria? Que requisitos debería cumprir?
- *(Se procede)* Coñece vostede algunha iniciativa parecida en Galicia, na súa comunidade autónoma ou no seu país? Cal? Que opinión lle merece?